

Debate necesario

Description

Ao remate das vacacións estivais Lionel Jospin levantou a lebre cando declarou que Francia debería propoñer que a UE tome a iniciativa, nos foros internacionais, de implantar a controvertida taxa Tobin. O rebumbio quedou armado. Os gobernadores dos bancos centrais manifestáronse en contra; o propio ministro de Finanzas francés dúbida da utilidade da medida. A presidencia belga da UE inclúe na orde do día da Ecofin, próximos 22 e 23, a discusión sobre a mesma. Schröder, Chirac e Jospin acordan, a pasada semana, crear unha comisión de [alto rango](#) para estudar a aplicación do imposto que mesmo debería incluírse entre os temas a tratar nos próximos cumios de Gent (outubro) ou Laaken (decembro). Sectores da esquerda consideran a taxa un simple parche; mentres o economista norteamericano autor da proposta desmarcase deses [revoltosos da antiglobalización](#).

A iniciativa de Jospin compre interpretala no marco das presidenciais e parlamentarias da próxima primavera. A campaña electoral comezou con sete meses de antelación. Jospin necesita ilusión para envolver unha xestión brillante, pero esgotada. As 35 horas semanais permitíronlle darlle a volta ás previsións e gañar as parlamentarias. Os .000 postos de traballo e os excelentes indicadores económicos poden non ser suficientes para as súas pretensións presidenciais. Agora ben, semella esaxerado interpretar a proposta do dirixente socialista francés en exclusiva clave electoral, por máis que sexa evidente a intención de limitar os apoios a un Chevènement, hábil mesturador de [gaullismo](#), [grandeur](#) e republicanismo xacobino.

Certo é que enquisas como as de Le Monde, nas que só o 1 % dos franceses consideran positiva, para todos, a mundialización actual, mentres que o 47% considera que só beneficia aos que controlan os mercados financeiros e o 55% coída que son as transnacionais as que tiran proveito da situación, podería levar a pensar nunha antimundialización momentánea. Non é menos certo que ese estado de opinión é resultado de que en Francia o movemento antiglobalización ten unha forte presenza e organización (ATTAC ; Confédération Paysanne, etc); pero tamén é certo que nas propostas do PSF , na era Jospin, mantivo, dende hai anos, que cumpría modificar a dominación financeira sobre a economía real e urxía acadar o 0,7 do PIB mundial para axuda ao desenvolvemento (en Francia o 9% do PIB diríxese á solidariedade internacional). Mesmo as distancias que o socialismo francés mantivo coa [terceira vía](#) de Blair ou coa temporal versión alemana son ben significativas ao respecto.

O debate é importante. Vai contar con férreas oposicións en Europa (Blair, gobernos conservadores, banco central, corporacións privadas, etc) e, sobre todo, fora dela. Vai ser mistificado por xentes como Fischer que declara fachendoso [esi](#) fora mozo tamén estaría en Xénova [como](#) si as propostas antiglobalizadoras fosen unha cuestión de [rebeldía xuvenil](#) ou o propio ministro de Finanzas de Jospin, Laurent Fabius, que declara que a taxa Tobin non vai resolver os problemas do Terceiro Mundo, cando non é esto o que pretende senón controlar a especulación financeira que arruinou países enteiros (efecto tequila, caipirinha, crise rusa, indonesia, [arxentina](#)!). Mesmo vai sufrir descualificacións, unhas perversas como as declaración do propio Tobin ao Der Spiegel (publicadas en El País), cinco días despois da roda de prensa da Jospin; outras máis inxenuas que consideran a proposta limitada. E tanto que o é, é unha simple proposta, unha máis, que aínda non é realidade, nin vai ser en bastante tempo. O debate é un grande triunfo para o movemento antiglobalización e para os cidadáns do planeta; a hipotética concreción deste medida faríao aínda maior.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Setembro 11, 2001

Meta Fields

Autoria : 10663

Datapublicacion : 2001-09-11 00:00:00